



NOTIFICACIÓNS TELEMÁTICAS

Concello de Fene

C.I.F.: P-1503600-G

QUE SON as notificacións electrónicas?

A notificación electrónica é un mecanismo telemático de notificación contemplado Lei 39/2015 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Substitúe a notificación en papel e ten plena validez xurídica.

QUE TEÑO QUE FACER para que o Concello de Fene me notifique de forma electrónica?

O primeiro paso é indicar na solicitude que se queren recibir notificacións telemáticas para os expedientes que xere a dita solicitude.

Os formularios de solicitude do Concello de Fene incorporan unha cela na que se pide que se indique o enderezo electrónico habilitado, que non é máis que a conta de correo electrónico na que se recibirán **os avisos** de que se recibiu unha notificación.



A ONDE me chegan as notificacións?

As notificacións telemáticas chegan a través do servizo Notific@ da Xunta de Galicia: <https://notifica.xunta.gal/>

Neste portal podemos consultar as notificacións que recibimos e aceptalas ou rexeitalas.

COMO SEI que recibín unha notificación?

Os **avisos** das notificacións telemáticas chegan ao enderezo electrónico habilitado indicado na solicitude.

O servizo tamén se pode configurar para recibilos por SMS.

En caso de dúbida contacte coa oficina de rexistro do Concello de Fene e verifique que os datos de conta de correo e teléfono móbil están incorporados na súa ficha.

QUE NECESITO para acceder ás miñas notificacións?

A nivel técnico, o que se necesita para poder acceder á plataforma Notific@ da Xunta de Galicia é o seguinte:

- Certificado dixital ou DNI electrónico

- Certificados FNMT:

<http://www.cert.fnmt.es/gl/certificados>

- DNI-e: <https://www.dnielectronico.es/>

Para poder acceder ao contido das notificacións deberase utilizar a aplicación Autofirma. Se non a ten instalada, descargue a aplicación e instálea seguindo as [instruccións](#) que atopará no portal <https://notifica.xunta.gal/>.

- Un navegador (Google Chrome, Mozilla Firefox)
- Ter instalado e actualizado Java no equipo
- Un enderezo electrónico habilitado

QUE SERVICIO TÉCNICO dispoño como cidadá?

A Xunta de Galicia proporciona un servizo técnico no teléfono 012 e no correo-e 012@xunta.es. Fóra de Galicia : 981 900 643

COMO ACCEDO ás notificacións recibidas?

O proceso é o seguinte:

1. Accedemos a **notifica.xunta.gal**
2. Prememos en **Entrar co certificado dixital**
3. Abrimos as notificacións pendentes



Escritorio Web del Reg... x Información municipa... x Sede electrónica Fene... x ABERTOOL CMS, Xesti... x Notificaci3n - rianxo x Sistema de Notificaci3n... x

https://notifica.xunta.gal/notificaciones/portal/buzon

CONTACTO AXUDA GALEGO | CASTELLANO

Sistema de Notificacións de Galicia

XUNTA DE GALICIA

AS MIÑAS NOTIFICACIÓNS ELECCIÓN MEDIO DE NOTIFICACIÓN AS MIÑAS OPCIÓNS BENVIDO/A SARA SAÍR

Buzón de Notificacións > As miñas notificacións

As miñas notificacións

Benvido ao Sistema de Notificacións de Galicia Notifica.gal.

Actualmente conta con 0 notificacións sen ler.

Actualmente conta con 0 notificacións autorizadas sen ler.

Seleccione un procedemento no menú da esquerda para acceder ás súas notificacións. Poderá cambiar o medio de notificación para cada un dos procedementos pulsando sobre a opción "Elección medio de notificación" no menú superior. Dende o menú mostrado no marco superior poderá realizar as seguintes accións:


Acceder as súas notificacións
Pulsando no menú da esquerda poderá acceder aos diferentes procedementos para ler as súas notificacións recibidas.

Elección medio de notificación
Dende esta opción poderá cambiar o medio de notificación aos diferentes procedementos habilitados pola Xunta de Galicia e os seus organismos emisores para a recepción de notificacións por vía electrónica.

Acceder ó menú de opcións
Dende aquí poderá modificar os seus datos persoais, administrar autorizacións, contactar co soporte, etc.

Cando recibimos a primeira notificación, o sistema danos de alta en Notific@ de forma automática.

Se por algún motivo nos désemos de alta na plataforma Notific@ antes de recibir a primeira notificación, deberemos subscribirnos manualmente a todos os servizos do "organismo emisor" Concello de Fene, seleccionando todos os servizos e premendo en "Medio electrónico".



The screenshot shows a web browser window with the URL <https://notifica.xunta.gal/notificaciones/portal/suscripcion>. The page is titled "Elección do medio de notificación" and contains the following information:

Elección do medio de notificación

De acordo ao establecido no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- As notificacións practícanse por medios electrónicos en todo caso cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.
- Os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento á Administración pública, mediante os modelos normalizados que se establezan para o efecto, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

Se vostede non é un suxeito obrigado a recibir notificacións electrónicas poderá seleccionar na seguinte lista os procedementos para os que desexa que as notificacións sucesivas se practiquen por medios electrónicos, marcando a casilla correspondente na última columna do listado e pulsando ao finalizar o botón "Gardar"

Esta selección non será de aplicación no caso de que vostede estea obrigado (segundo o artigo 14 da Lei 39/2015) a recibir notificacións electrónicas nun determinado procedemento.

Organismos emisores

Amosar procedementos

| Nome procedemento | Descrición procedemento | Contacto | Web | Medio electrónico |
|-------------------------------|-------------------------------|-----------------------|-------------------------|--------------------------|
| A002 Convocatoria Subvencións | A002 Convocatoria Subvencións | notifica@dacoruna.gal | Acceder | <input type="checkbox"/> |
| A003 Solicitud de | A003 Solicitud de | | | <input type="checkbox"/> |

QUE OUTRAS COUSAS podo facer?

No menú de opcións de Notific@ podemos configurar as seguintes funcionalidades:

- Modificar os nosos datos persoais.
 - É recomendable revisalos a primeira vez que se accede á plataforma.
- Engadir correos electrónicos adicionais para recibir avisos de notificacións.
 - Nos datos persoais, no campo de correo electrónico, pódende indicar varios enderezos, separados por punto e coma (;).
- Indicar un número de móbil para recibir os avisos de notificación por SMS.
- Autorizar a outras persoas para que podan acceder e/ou aceptar notificacións no noso nome.

Isto é, nesta pantalla pode vostede autorizar a outras persoas para:

Acceder as súas notificacións, é dicir, ler a información das notificacións que xa foron aceptadas por vostede, ou rexeitadas.

Aceptar e acceder as súas notificacións, e dicir, aceptar ou rexeitar as notificacións no seu nome e acceder ao seu contido.

Debe ter en conta que a persoa á que autoriza debe estar previamente dada de alta no sistema.



Escritorio Web del Reg... x Información municipa... x Sede electrónica Fene... x ABERTOOL CMS, Xesti... x Notificacións - rianxo x Sistema de Notificació... x

https://notifica.xunta.gal/notificaciones/portal/opciones

CONTACTO AXUDA GALEGO | CASTELLANO

Sistema de Notificacións de Galicia

XUNTA DE GALICIA

AS MIÑAS NOTIFICACIÓNS | ELECCIÓN MEDIO DE NOTIFICACIÓN | AS MIÑAS OPCIÓNS | BENVÍDO/A SARA | SAÍR

Buzón de Notificacións > As miñas opcións

Elección medio de notificación Dende o menú da esquerda poderá escoller as seguintes opcións

- Elección medio de notificación** Desde esta opción poderá elixir se desexa recibir notificacións por medios electrónicos nos diferentes procedementos habilitados pola Xunta de Galicia e os seus organismos emisores.
- Modificar datos persoais** Permite modificar os datos persoais que introduciu ao darse de alta e cambiar o modo de aviso de posta a disposición das notificacións.
- Administrar autorizacións** Desde esta opción poderá aceptar ou rexeitar as autorizacións concedidas. Ademais de crear e administrar autorizacións para outros usuarios e consultar o histórico destas.
- Darse de baixa de Notifica.gal** Dende esta opción poderá darse de baixa do sistema, sempre e cando non teña ningunha notificación en estado finalizado (fida ou rexeitada).